


A VOCALINA: UN RARO INSTRUMENTO MUSICAL NO MUSEO

Foi presentada o 16 de agosto de 1899


Na rica e variada colección de instrumentos musicais, especialmente tradicionais de Galicia, que custodia o Museo figura un totalmente descoñecido do público practicamente inédito, xa que non chegou a comercializarse, doado por José Martínez Castrillo en 1931: a vocalina.

É un raro instrumento de vento, modulado nun fol a modo de acordeón movido polas mas, que se parece máis á ocarina que á frauta, que funcionaba adaptando o dispositivo á boca, onde era modulado o son. Foi ideado por Severino Pérez Vázquez, nado en 1840 no concello de Cotobade, e a súa presentación pública tivo lugar no Teatro de Pontevedra o 16 de agosto de 1899.



A vocalina

Do evento dá conta *El Diario de Pontevedra*, conservado na hemeroteca do Museo, que nos ofrece o programa da velada literario-musical, organizada “para solemnizar el estreno del instrumento”, reseñada por Tomás Ruibal Outes na súa tese de doutoramento sobre *La vida escénica en Pontevedra en la segunda mitad del siglo XIX*. Nela o propio Severino Pérez interpretou dúas pezas na primeira parte: un duetino de vocalinas (o que nos indica que construíra máis dun instrumento) segundo a música de Navarrete, e *Aria di chiesa*, de Alessandro Stradella (1644-1682), con acompañamento ó piano en ambos casos de Agustín Salvador.



Outra vista da vocalina



Placa que acredita a patente a nome de Severino Pérez

A gala iniciárase coa interpretación de *Angelus*, pertencente á obra sinfónica *Escenas pintorescas*, de Jules Massenet (1842-1912), a cargo do sexteto de Jesús García. Continuaría coa *Balada primera* para piano, de Frédéric Chopin (1810-1849), executada por Ana Vidal de Larrañeta, a cavatina da ópera *El barbero de Sevilla*, de Gioachino Rossini (1792-1868), cantada por Felipa Genovés Villó acompañada por María Rodríguez Aboal, a escena de aria *Eri tu que macchiavi*, da ópera *Un Ballo in Maschera*, de Giuseppe Verdi (1813-1901), por Víctor Mercadillo con Carmen Tapia ó piano, e *Polonesa en mi bemol*, de Chopin, interpretada pola pianista Nicolasa Larrañeta.

1899
Programa

de la velada literario-musical que se celebrará en el teatro de Pontevedra el día 16 de Agosto corriente para solemnizar el centenario del instrumento llamado VOCALINA, de que es autor D. Severino Ferri.

PRIMERA PARTE

1. ANGELUS, de la obra sinfónica *Escenas pintorescas*, ejecutado por el sexteto de D. Jesús García. **Massenet.**
2. DUETTINO de *VOCALINAS*, acompañado al piano por D. Agustín Salvador. **Navarrete.**
3. BALADA primera, ejecutada por D.^a Ana Vidal de Larrañeta. **Chopin.**
4. CAVATINA de la ópera *El Barbero de Sevilla*, cantada por la Srta. Felipa Genovés Villó, acompañada por la Srta. María Rodríguez. **Rossini.**
5. SCENA ED ARIA, *Eri tu que macchiarci*, de la ópera *Un Ballo in Maschera*, cantada por D. Víctor Mercadillo, acompañándole al piano la señorita Carmen Tapia. **Verdi.**
6. ARIA DE CHIESA, ejecutada en la *VOCALINA* por el Sr. Perex acompañado por el Sr. Salvador. **Stradella.**
7. POLONESA en mi bemol, por la Srta. Nicolasa Larrañeta. **Chopin.**

DESCANSO DE 10 MINUTOS

SEGUNDA PARTE

1. PRODUCCIONES LITERARIAS de D. Manuel del Palacio, D. Heliodoro F. Gastafaduy, D. Javier Valcarco, D. Adolfo García Feijóo, D. Luciano Varela, D. Renato Ulloa y D. Enrique Labarta.
2. DISCURSO pronunciado por D. Víctor Saiz Armesto.

DESCANSO DE 10 MINUTOS

TERCERA PARTE

1. DANZA DE LOS NOVIOS, de la ópera *Feramoser*, ejecutada por el sexteto. **Rubinstein.**
2. LA MÚSICA DEI BACI, duetto cantado por la Srta. Villó y el Sr. Mercadillo, acompañados por la Srta. Rodríguez. **Gastaldon.**
3. RAPSONDIA, número 12, interpretada a cuatro manos por la Srta. Vidal y la Srta. Larrañeta. **List.**

PRECIOS DE LAS LOCALIDADES

Procentos sin entrada	45	pes.
Ídem segundos sin ídem	7	"
Falcos platos sin ídem	43	"
Ídem principales sin ídem	43	"
Butacas con entrada	2'50	"
Delantera de palco 4. ^a fila con entrada	4'50	"
Ídem 2. ^a fila con entrada	4'25	"


Entrada general UNA peseta.

A las nueve de la noche.

Imp. de La Opinión.

Programa da velada do 16 de agosto de 1899 na que foi presentada a vocalina.
(Colección Casal do Arquivo do Museo)

Na segunda parte recitáronse diversas “producciones literarias” de escritores locais ou afincados na cidade, como Heliodoro Fernández Gastañaduy, Javier Valcarce Ocampo, Adolfo García Feijoo, Luciano Varela, Renato Ulloa Varela e Enrique Labarta Pose, que foi moi ovacionado e obrigado a recitar o seu soneto *¡Quiero ser gallo!*, así como de Manuel del Palacio, que estivera en Pontevedra e que desde Madrid enviou a súa composición para que a lese Renato Ulloa e que comezaba así “Querido amigo Renato: / contribuir me fuera grato / a esa fiesta musical / en que de un nuevo SILBATO / se hará la prueba oficial”. O decano da prensa local publicaría en días sucesivos os poemas de Manuel del Palacio, de Labarta, de Valcarce e de Ulloa.



Composición de Manuel del Palacio lida na presentación da vocalina.
(*El Diario de Pontevedra*, 18 de agosto de 1899)

Pronunciou logo Víctor Said Armesto o seu discurso, “lleno de imágenes soberbias, inspirado en ideales sanos, y dicho en forma verdaderamente escultural”, rematando co canto de *Los mártires*, de Charles Gounod (1818-1893), por un coro de afeccionados pontevedreses, que non figuraba no programa, pero que si estaba previsto, por canto comezaron os ensaios, baixo a dirección de Román Pintos, o 26 de xullo no local da Sociedad Económica.

Á LA VOCALINA

DE D. SEVERINO PEREZ (1)

Mezclado entre trovadores
Que hoy os vienen á entonar
Cánticos de ruiseñores,
Yo soy el cuervo, señores,
Y me dispongo á graznar.

Perdonadme la imprudencia;
Y ojalá que no dé al traste
Con toda vuestra paciencia,
Al poner en evidencia
La dura ley del contraste.

Vate chirle y baladí
Que harto del verso, á las musas
El pasaporte les di
Sin retóricas ni excusas:
¿Que pito toco yo aquí?

¿Que papel es el que pinto?
¿Que nombre en mi ayuda invoco?
O de otro modo distinto:
¿Que vocalina yo toco
En este augusto recinto?

¿Que vocalina! A eso vsmos;
Hablar de ella es lo que quiero.
¡Atención que ahí voy! ¿Estamos?
¡Caballeros; ya llegamos
A la madre del cordero!

De la cosa más sencilla
Sacar sabe el genio astilla:
Vé el primer huevo, lo tienta,
Y seguidamente, inventa
La sarten... ¡y la tortilla!

Bajo un arbol se acostó
Con toda tranquilidad
Newton; y le sugerió
La manzana que cayó,
La ley de la gravedad.

Y Dios, que es, á mi entender,
Un inventor de los buenos,
Hizo el mundo sin más ver,
De la nada... ¡que es lo menos
De que lo podía hacer!

Lo grandioso, lo divino,
Con lo vulgar se avecina;
Y para su vocalina
Le bastó á Don Severino...
¡Un fuelle de la cocina!

Que es la cocina, un vivero
De inventos al por mayor;
Porque en en ella otro inventor
Al ver hervir un puchero,
Dió aplicación al vapor.

¡Gloria al fuelle legendario
Que en su puesto culinario
Fue para un hombre estudioso
El agente necesario
De un instrumento ingenioso!

La primera vez que ví
La vocalina, sentí
Asombro, pasmo y respeto:
¿Como se tocará aquí?
Dije para mi coleteo.

Y creció mi admiración,
Al saber que en su pitón
No es necesario soplar,
Por que allí, para tocar,
¡Basta la buena intención!

¿La intención basta? exclamé;
Y entonces, emocionado

(1) Poesía leída en la velada celebrada el miércoles en el teatro.

Tocar quise, y no logré
Dar ni un do... ¡quizás por qué
Yo... soy mal intencionado!

¡Ingenioso es el invento!
No dan vida á este intrumento
Ni las manos, ni la boca,
Ni es de cuerda, ni es de viento...
¡Y sin embargo, se toca!

Mas, toca de una manera
Que parece brujería.
Si hace dos siglos lo hiciera,
Seguramente que iría
Don Severino, á la hoguera.

Hoy, en cambio, desde luego
Le aplauden llenos de pasmo,
El mas torpe y el más ciego;
¡Y en la hoguera, no hay mas fuego
Que el fuego del entusiasmo!

Yo tambien, vate *latoso*,
Versos disparo gustoso
Al hijo culto del Lerez;
¡Y admiro el numen grandioso
De don Severino Perez!

Mi enhorabuena le doy.
Y ya me parece.. que
Basta de *lata* por hoy.
¡Gracias á Dios que acabé!
¡Muy buenas noches! ¡Me voy!

ENRIQUE LABARTA.

Composición de Enrique Labarta lida na presentación da vocalina.

(El Diario de Pontevedra, 19 de agosto de 1899)

Concluíu a velada coa execución de *Danza de los novios*, da ópera *Faramors*, de Antón Rubinstein (1829-1894), a cargo do sexteto de Jesús García, a interpretación do dueto *La música dei Baci*, de Stanislao Gastaldon (1861-1939), cantado por Felipa Genovés Villó e Víctor Mercadillo, e a de *Rapsodia húngara nº 12*, de Franz Liszt (1811-1886), executada a catro mans por Ana Vidal e Nicolasa Larrañeta.

Os prezos das localidades oscilaban entre as quince pesetas dos proscenios sen entrada ou as trece dos palcos de plateas e principais, ata unha peseta as de xeral. A “concurcencia numerosísima y escogida” ocupou todas as localidades, alcanzando a vocalina un “éxito ruidoso”, ata o punto de que “su autor fue llamado entre grandes aplausos al escenario y recibió parabienes de todos”.

Pouco sabemos da biografía de Severino Pérez, agás as referencias dadas por López Otero e Ossorio Bernard nas súas obras sobre periodismo e por Couceiro Freijomil no seu *Diccionario de escritores*, compendiadas por Varela de Vega no ítem da *Gran Enciclopedia Gallega*. Por elas sabemos que era licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela (“alumno de literatura” en 1858) e músico con amplos coñecementos de acústica, así como que exerceu a docencia e o xornalismo en Madrid, formando parte da redacción de *La Gaceta de Madrid*. Distinguido como pensador político, regresa a Pontevedra en 1891, difundindo as súas ideas en periódicos locais, como *La Unión Republicana*.

UNA POESÍA ⁽¹⁾

A mi distinguido amigo y compañero,
el ilustrado escritor pontevedrés, don
Severino Pérez, en el estreno de la
Vocalina.

Compañero: Hoy al venir
tu triunfo á celebrar,
siento un algo singular
que no acierto á definir;
que nunca pude sentir
placer más hondo y sincero,
ni afecto más verdadero
y libre del *dolo* insano,
cómo al estrechar la mano
de un honrado compañero!

Salud al culto escritor,
ayer noble periodista,
y hoy todo un genial artista
con la gloria de inventor.

De su númen creador
en frente un rayo ilumina,
y con ciencia peregrina
arranca al arte una nota,
y con ella, al punto, brota
su famosa *Vocalina*.

Salud al que en noble afán,
del arte y ciencia en la lid,
es el valiente adalid
con las fuerzas de un titán.

Al aplauso que hoy te dan,
uno el mío más ardiente
para el hombre inteligente
que en esfuerzo sobrehumano,
jarranca un rayo al arcano
para coronar su frente!

Monra al genio que comparte
de su nombre para honor,
las glorias del escritor
con los destellos del arte.

Y al formar honrosa parte
del público ante la vista,
de los genios en la lista,
venga del público fiel...
¡una hoja de laurel
para el escritor y artista!

JAVIER VALCARCE OCAMPO.

Pontevedra, 16 de Agosto de 1899.

(1) Leída en la velada celebrada el miércoles
en el teatro.

Una poesía ⁽¹⁾

¡Arte! palabra encantada
arpa de vagos rumores,
búcaro de bellas flores,
noche de luna esmaltada...

Fuente que corre callada
copiando al paso la nube;
plegaria que al cielo sube
llena de amor y poesía
cantando eterna alegría
en las alas de un querube.

¡Arte! creación sacrosanta,
aurora de luz bendita,
por quien la urente se agita,
y el genio audaz se agiganta,
hoy que mi lira te canta
pués darte culto honor es,
será mi eterno interés
si en la vida transitoria,
algun día encuentro gloria,
para rendir a tus pies.

RENATO ULLOA.


Composicións de Javier Valcarce e Renato Ulloa lidas na presentación da vocalina.

(El Diario de Pontevedra, 21 e 23 de agosto de 1899)

Pero non foi a vocalina o único instrumento, anque si posiblemente o último, inventado por Severino Pérez, xa que á Exposición Agrícola, Industrial y Artística de Galicia, celebrada en Santiago do 24 ó 27 de xullo de 1858, sendo estudante universitario, presenta un malvis. Segundo *El Fomento de Galicia* do 14 de abril do citado ano, que adianta a presentación do invento, do que se fai eco José Luis do Pico Orjais, o artefacto, que podía rivalizar cos pianos máis completos, causou admiración entre os homes máis distinguidos, como o violinista Hilario Curti, que executou varias pezas con el.

Consistía o malvis nunha mesa regular, co seu teclado á fronte e no seu interior tres ordes de cristais que producían “dulcísimos sonidos” ó seren golpeados polos correspondentes martelos. Para a súa construción Severino Pérez solicitara ó alcalde de Santiago e presidente da Sociedad Económica de Amigos del País, Narciso Cepedano, como presidente á súa vez da Comisión Mixta organizadora, unha axuda económica, como recolle tamén María del Carmen Fernández Casanova no seu artigo sobre a exposición publicado na *Revista de Historia Contemporánea* da Universidad de Sevilla de 1982.

Outro invento creado en 1860 por Severino Pérez foi o tecnefón, a única máquina falante deseñada en España, consistente nunha caixa de madeira de 130 cm de alto por 70 cm de ancho, similar a un piano de parede. Para a súa completa execución solicita unha subvención ó Ministerio de Fomento a través da Real Sociedad Económica Matritense, que lle é concedida en 1864 a través da Dirección General de Instrucción Pública, condicionada á presentación do proxecto, el cal recolle na súa publicación *El Tecnefón. Memoria presentada al Excmo. Ministro de Fomento en virtud de Real Orden*, impresa en Madrid en 1865.




Portada do opúsculo *El tecnefón...*, de Severino Pérez.
(Fondo Iglesias Vilarelle da Biblioteca do Museo)

O proxecto non chegou a frutificar máis que parcialmente debido ás dificultades económicas e á incompreensión académica. No seu opúsculo *El Tecnefón y los medios representativos de la palabra*, publicado en Madrid en 1868, no que demostra os seus coñecementos de acústica e dos instrumentos similares ideados con

anterioridade en Europa, describe o seu invento polo miúdo, xustifica a necesidade da súa culminación e laméntase do pouco interese despertado pola súa máquina, incluíndo como apéndice a citada *Memoria*, na que afirmaba: “Si con todos estos datos hay alguien que quiera construir el tecnefón, le cedo gustosísimo mi puesto, y aun el *banco de la paciencia* en que verifico mis experimentos”.

O membro da Real Sociedad Económica Matritense e director do Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos de Madrid, Carlos Nebreda López, foi testemuña directa do seu perfecto funcionamento e no seu libro *Tratado teórico-práctico para la enseñanza de la pronunciación de los sordo-mudos*, impreso en Madrid en 1870, afirma que pronunciaba con claridade gran número de palabras e que falaba en sentido interrogativo, afirmativo e admirativo.

Da importancia e do interese do invento de Severino Pérez ocúpase Elena Battaner Moro, da Universidad Rey Juan Carlos de Madrid, en senllas comunicacións presentadas ó III Congreso de Fonética Experimental celebrado en Santiago en outubro de 2005 e ó V Congreso Internacional da Sociedad Española de Historiografía Lingüística, en Murcia en novembro do mesmo ano.



Invitación para a velada a beneficio de Severino Pérez celebrada o 11 de novembro de 1900.
(Colección Casal do Arquivo do Museo)

A pesar dos seus inventos e dos seus traballos periodísticos, a súa situación económica non debía ser moi boiante. Así o demostran tanto as peticións de axudas

para sacar adiante os seus proxectos como a celebración no Circo-Teatro de Pontevedra, o 11 de novembro de 1900, dunha gala benéfica ó seu favor, cun prezo de doce pesetas as localidades de palco sen entrada, de dúas as de cadeira e de 50 céntimos as de dianteira de grada e xeral.

Segundo consta nunha invitación para o “espectáculo teatral” existente, como os programas das veladas, na colección Casal do Arquivo do Museo, asinada por Luis Pérez Allú, Renato Ulloa, Marcelino Vázquez, Javier Valcarce Ocampo e Pablo Félix de Vargas, foi “organizado con elementos de la Sociedad de Escritores y Artistas de Pontevedra”, de cuxa Xunta Directiva eran membros os asinantes.

CIRCO-TEATRO
DE
PONTEVEDRA

Velada para el domingo 11 de Noviembre de 1900
A BENEFICIO DEL ESCRITOR PONTEVEDRÉS

Don Severino Perez
AUTOR DEL INSTRUMENTO MUSICO “LA VOCALINA”

Primera parte

1.º Sinfonía por el sexteto que dirige el Sr. Puga.
2.º El juguete cómico en un acto y en prosa, original de Don Vital Aza, que lleva por título

PARADA Y FONDA

desempeñado por los Sres. Vazquez (M.), Cea, Pazos y Feijóo (E.)

Segunda parte

3.º Sinfonía.
4.º Romanza de baritono de la zarzuela *El Diablo en el poder*, por el Sr. Torres y sexteto. **Gastambide**
5.º Spirto gentil, romanza de la ópera *La Favorita*, ejecutada por el beneficiado en la vocalina con acompañamiento **Donizetti**
6.º Escena y aria, Cortegiani vil razza, de la ópera *Rigoletto*, por el Sr. Mercadillo y sexteto. **Verdi**
7.º Marcha turca, ejecutada en la vocalina con acompañamiento. **Mozzart**
8.º Duo de bajo y baritono de la ópera *I Puritani*, cantado por los Sres. Torres y Mercadillo. **Belini**
9.º **Monólogo** original de un distinguido periodista de la localidad, desempeñado por el Sr. Vazquez (M.)

Tercera parte

10. Sinfonía.
11. Proyecciones diorámicas de arquitectura, estatuaria, paisajes, caricaturas etc.

A las ocho y media en punto

	Pesetas
Palco sin entrada	12
Silla sin entrada	2
Delantera de grada sin idem	0:50
Entrada general	0:50

NOTA.—El impuesto del timbre corre á cargo del público.

Imp. de La Unión Nacional

Programa da velada a beneficio de Severino Pérez celebrada o 11 de novembro de 1900.
(Colección Casal do Arquivo do Museo)

Comezou a velada coa interpretación dunha sinfonía a cargo do sexteto de Puga, para actuar a continuación os afeccionados locais M. Vázquez, Giménez, Pazos, Cea y E. Feijoo, que interpretaron o xoguete cómico nun acto *Parada y Fonda*, de Vital

Aza Buylla (1851-1912). Seguíronlles Torres, cantando unha romanza de *La favorita*, de Gaetano Donizetti (1797-1848), con acompañamento do sexteto, e Víctor Mercadillo, tamén co sexteto, a escena *Cortegiani vil razza* da ópera *Rigoletto*, de Giuseppe Verdi (1813-1901). Actuou o propio Severino Pérez, que interpretou coa vocalina, con acompañamento, a *Marcha turca*, de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791), e a romanza *Spirto gentil* de *La favorita*. Despois do canto dun dúo de *I puritani*, de Vincenzo Bellini (1801-1835), por Mercadillo e Torres, e do recitado por parte de Marcelino Vázquez dun monólogo escrito a propósito para a gala por Lahorra, “un distinguido periodista” pontevedrés, foi interpretada outra sinfonía e proxectáronse diversos dioramas artísticos e paisaxísticos.

Segundo o periódico *La Correspondencia Gallega*, foi pouca a concorrencia á gala benéfica, pois o mal tempo reinante restou a asistencia de público.

XOSÉ FUENTES ALENDE
Secretario técnico do Museo